

Adenda da programación didáctica

**INGLÉS 2º ESO**

*DEPARTAMENTO DE INGLÉS*

***Segundo o establecido na ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.***

***ÍNDICE:***

1. Introducción e contextualización.
2. Avaliación e cualificación.
  - 2.1 Metodoloxía e actividades para o período final do terceiro trimestre.
  - 2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).
3. Información e difusión.

**1. Introducción e contextualización:**

**A Orde do 27 de decembro de 2022 fixo que tiveramos que adaptar as programacións didácticas da etapa da ESO aos cambios que dela derivan.**

**A normativa establece que o alumnado da ESO ten dereito a tres avaliacións parciais e a unha avaliación final. Polo tanto os departamentos teñen que organizar as distintas *actividades de recuperación* para o alumnado que non superara algunha parte dunha materia.**

**Isto realizarase sempre antes da data establecida no centro para a sesión de avaliación parcial e final, que se levarán a cabo nunha mesma e única sesión.**

O grupo de SEGUNDO da ESO está formado por un total de 10 alumnos e alumnas, dos cales un alumno precisa de adaptación curricular para afrontar a materia.

Debido o baixo número de alumnos e alumnas na clase, a atención que reciben é a propicia para conseguir superar a materia con éxito.

Nesta terceira avaliación, dadas as novas circunstancias, pasamos a describir como afrontaremos estas últimas sesións do curso.

## **2. Avaliación e cualificación.**

### **2.1 Metodoloxía e actividades previstas para o período final do terceiro trimestre.**

Antes de rematar o terceiro trimestre, o alumnado que non teña superada a materia ou algunha parte da mesma, deberá facer actividades de recuperación, ben probas escritas ou traballos, para acadar o aprobado na materia.

O alumnado que teña entregadas e superadas (con nota superior a 5) todas as probas, continuará co traballo ata o último día de clase, e se terá en conta para a nota final.

## **2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).**

O alumnado que precise dun reforzo, terá unha atención, dedicación e material adaptado (se foxe preciso), coa finalidade de que poida chegar a alcanzar os obxetivos da materia.

## **3. Información e difusión.**

**O alumnado que teña que recuperar a materia ou parte dela recibirá un informe individualizado a principios do mes de Xunio no que se lle especificará o xeito e contido da materia pendente.**

Estas modificacións comunicaranse ao alumnado e quedarán expostas na aula de Informática para a súa consulta. Do mesmo xeito será unha información pública que quedará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro.